

**3º ESO CULTURA FINANCIERA**

**O cálculo da nota media de cada avaliación** obterase do seguinte xeito:

- **O 60% da cualificación** corresponderase coa media aritmética de dúas probas escritas (unha por cada unidade didáctica) que se realizarán ao longo do trimestre.

As probas escritas combinarán preguntas pechadas (tipo test, verdadeiro e falso, completar cadros, etc.), preguntas abertas a desenvolver, análise de casos e resolución de problemas.

- **O 40% restante** corresponderase cas producións do alumnado, tanto individuais como grupais, que se entregarán ao longo do trimestre onde se distribúe da seguinte maneira: **30% corresponde a tarefas da clase** como traballos, test, **10% corresponde o caderno da clase** e a traballos voluntarios.

As producións do alumnado consistirán nunha ou máis das seguintes:

- Exposicións e/ou debates na aula.
- Resumos, esquemas, mapas conceptuais, lectura e comentario de noticias de prensa, análise e comentario de vídeos.
- Resolución de problemas e análise de casos prácticos.
- Investigacións e a realización posterior dun resumo ou informe.

Para **o cálculo da nota media final aplicarase a media aritmética** das cualificacións das tres avaliacións.

Será necesario obter, **como mínimo, 5 puntos para poder superar a materia.**

Para aplicar o redondeo, sempre que se superen os 5 puntos, aplicarase o seguinte criterio: aproximación ao enteiro superior cando a nota media sexa igual ou superior a 7 décimas.

**Criterios de recuperación:**

Para o alumnado que non consiga superar a materia establécense os seguintes criterios:

**PROGRAMACIÓN CURSO 2023-24**

**Ao finalizar cada avaliación realizarase unha proba escrita** das unidades didácticas traballadas no trimestre cun peso do 60% da nota. Tamén deberá entregar os traballos non aptos ou non entregados ou os que considere preciso o profesor da materia, que contará o 40% restante da cualificación.

**Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes:**

Este apartado fai referencia ao alumnado que cursa 4º ESO e ten pendente esta materia de 3º ESO. No caso de que exista alumnado nesta situación proporanse actividades para a súa entrega e fixaranse exames de recuperación nas datas establecidas polo centro.